

Programación xeral anual 2018-2019

Claustro de profesorado e Consello escolar
Sesións celebradas o mércores 17 de outubro de 2018

Instituto de Educación Secundaria Moncho Valcarce

Código 15025694

Teléfono 881 93 00 55 • Fax 881 93 00 64
ies.moncho.valcarce@edu.xunta.es • www.edu.xunta.gal/centros/iesmonchovalcarce

As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

Índice

Apartado	Páxina
Capítulo I	3
Plan anual	3
Obxectivos específicos para o curso académico	4
Medidas a desenvolver para a súa consecución	4
Recursos previstos para o efecto	4
Horario xeral do IES	6
Horario lectivo	
Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalación para o alumnado	
Horas e condicións en que o centro permanecerá aberto para a comunidade escolar fóra do horario lectivo	
Horario de verán	
Organización dos servizos complementarios (transporte)	8
Número de alumnado transportado	
Número de rutas	
Itinerarios	
Capítulo II	9
Documento de organización do centro (DOC)	
Anexo. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente	
Capítulo III	10
Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	10
Organización, funcionamento e horario da biblioteca	11
Programa de formación do profesorado no centro	15
Programa de formación en centros de traballo	16
Relación de alumnado indicando a empresa á que van	
Fases nas que se vai desenvolver a acción	
Calendario	
Capítulo IV	17
Orzamento do centro	
Anexo I e anexo II	18
PE/modificacións/observación de que segue vixente	
PC/modificacións/observacións de que segue vixente	
Decreto 133/2007 (ESO)	19
Programas ou plans anuais de lectura (anexo V)	19
Plan de integración das TIC (anexo VI)	23
Decreto 79/2010	24
Addenda do proxecto lingüístico (artigo 14.4)	24
Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega	
Orde do 6 de outubro de 2010 (avaliación de diagnóstico)	-
Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados da avaliación de diagnóstico	-
Orde do 12 de maio de 2011 (centros plurilingües / auxiliares de conversa)	29
Mecanismos de seguimento e avaliación do programa (só centros plurilingües)	
Mecanismos de seguimento e avaliación (só centros con auxiliares de conversa)	
Plan Proxecta: Proxecto coas actividades levadas a cabo dentro dos programas do plan Proxecta (só centros participantes)	29

Capítulo I

Plan anual

Obxectivos específicos para o curso académico

Medidas a desenvolver para a súa consecución

Recursos previstos para o efecto

1.1 Introducción:

O IES Moncho Valcarce está en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

En 2018-2019 ten as ensinanzas seguintes:

Ensinanza	Cursos	Matrícula 17-10-2018	Total	
ESO	1.º	53	256	
	2.º	61		
	3.º	76		
	4.º	66		
Bacharelato	1.º Ciencias	29	56	126
	1.º Humanidades e ciencias sociais	27	70	
	2.º Ciencias	39		
	2.º Humanidades e ciencias sociais	31		
Ciclo formativo de grao superior	1.º CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade	13	13	
		Total	395	

O ciclo formativo é de oferta bienal (en 2018-2019 corresponde 1.º curso)

Plantilla docente 2018-2019:

Especialidade docente	Profesorado total	Destino definitivo	Destino provisional	
			Praza con titular	Praza provisional
Filosofía	1	1		
Latín / Grego	1	1		
Lingua castelá e literatura	4	2	2	
Xeografía e historia	4	3		1
Matemáticas	5	4	1	
Física e química	2	2		
Análise e química industrial	2	1		1
Bioloxía e xeoloxía	3	2	1	
Debuxo	2	1	1	
Francés	2	2		
Inglés	4	3		1
Música	2	2		
Educación física	2	1	1	
Orientación educativa	1	1		
Pedagogía terapéutica	2	1		1
Tecnoloxía	3	2		1
Lingua galega e literatura	3	2		1
Economía	1	1		
Relixión católica	1	1		+ 1 do IES Plurilingüe Castro da Uz
Total	45	33	6	6 + 1 do IES Plurilingüe Castro da Uz

1.2 Obxectivos xerais do curso.

- a. Traballar na mellora da convivencia de todos os membros da comunidade educativa.
- b. Contribuír á mellora do nivel académico do alumnado.
- c. Potenciar e organizar as actividades e servizos do centro.
- d. Realizar melloras nas instalacións do centro.
- e. Mellorar a comunicación interna do centro e deste co seu entorno (social, educativo, económico, institucional, profesional, cultural, deportivo, etc.).

1.3 Obxectivos específicos do curso.

Obxectivos a conseguir	Medidas a desenvolver	Recursos dispoñibles Colaboración de persoas e entidades
Mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita do alumnado, para facilitar a asimilación dos contidos das diversas áreas.	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades que reforcen o nivel de comprensión lectora do alumnado. - Máis actividades de expresión oral e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> - Programas educativos e formativos. - Materiais didácticos. - Fondo bibliográfico. - Internet. - Club de lectura.
Levar a cabo as actualizacións que sexan necesarias no Proxecto Educativo, Plan de atención á diversidade, Plan de Convivencia e nas NOF do centro para incluír o Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso proposto pola Dirección Xeral de Educación.	<p>Analizar a situación do alumnado do centro.</p> <p>Modificar os documentos relacionados co acoso e ciberacoso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración de todo o profesorado. - Traballo do Departamento de Orientación. - Aportacións do resto de membros da comunidade educativa. - Colaboración da Administración educativa con competencias na materia. - Colaboración de expertos na materia alleos ao centro.
Dinamizar o funcionamento da xunta de delegadas e delegados de curso.	Establecer as reunións periódicas correspondentes para tratar de convertila nunha canle de información e comunicación eficiente.	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración do alumnado elixido delegado e subdelegado de curso. - Traballo de xefatura de estudos e do resto do equipo directivo.
Continuar co proxecto Abalar.	Tratar de optimizar a súa utilización e involucrar ao novo profesorado.	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado dos cursos afectados (1.º e 2.º ESO). - Coordinador Abalar. - Asesor Abalar da Consellería de Educación. - Equipo directivo.
Promocionar a utilización da biblioteca mediante a planificación de actividades de animación á lectura e continuar coa mellora tanto de infraestructuras como de fondos; tal e como se establece no Proxecto de Biblioteca do centro acollido dentro do Plan Anual de Mellora de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación.	As actuacións previstas aparecerán recollidas nun documento adxunto ao capítulo III desta programación xeral anual.	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado do equipo de biblioteca. - Resto do profesorado. - Alumnado.
Continuar a colaborar co Concello no programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo e abrir o centro ao seu entorno para determinadas actividades, contribuíndo así a mellorar a imaxe externa do mesmo.	Colaborar coas iniciativas que poidan xurdir.	Colaboración do Concello e de entidades deportivas e culturais da localidade.
Colaborar cos Servizos sociais do Concello na organización de distintos programas de educación.	Intervención na aula por parte de persoal especializado baixo a coordinación do Departamento de Orientación.	Colaboración do Concello e do Departamento de Orientación.

Obxectivos a conseguir	Medidas a desenvolver	Recursos dispoñibles Colaboración de persoas e entidades
Colaboración coa Concellería de Xuventude do Concello para difundir información ao alumnado.	Favorecer a difusión de dita información.	Colaboración do Concello.
Promover a colaboración cos outros centros da localidade para a realización de actividades conxuntas.	Actividades deportivas, visitas didácticas, actos culturais, promoción das ensinanzas do CS de Laboratorio, etc.	Colaboración dos outros centros educativos da localidade e de localidades próximas.
Continuar a colaborar coa ANPA na organización de distintas actividades poñendo a súa disposición os recursos do centro.	Organización conxunta de distintas conmemoracións e cesión de instalacións.	Colaboración da ANPA e das familias do alumnado.
Mellora no acondicionamento das aulas, en función dos recursos económicos dispoñibles.	Mellora no sistema de son do salón de actos.	Recursos propios do centro.
Que todos os departamentos didácticos avalíen o cumprimento da programación, a metodoloxía empregada e a aprendizaxe e rendemento do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar ao alumnado os contidos, criterios de avaliación e cualificación determinados polos departamentos didácticos. - Facer unha valoración sobre o cumprimento do programado e reflectir incidencias ou cambios e causas que os motivaron. 	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración dos departamentos didácticos. - Control de xefatura de estudos.
Impulsar a páxina web do centro como canle de comunicación directa e rápida coas familias e co entorno.	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar a web para dar toda a información posible á sociedade. - Promocionar o centro e a súa oferta educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo do equipo directivo. - Colaboración de todos os sectores da comunidade educativa.
Promover a colaboración, dentro do Consello Escolar Municipal, con todos os axentes da comunidade educativa local, para a análise, debate e, de ser o caso, propostas para a mellora da rede de centros e da oferta educativa da localidade.	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar a rede de centros educativos de As Pontes. - Realizar propostas para a súa mellora. 	Todos os axentes da comunidade educativa local.
Contemplan a atención á diversidade nos casos de alumnado con dificultades de aprendizaxe e dun xeito individualizado, e con especial atención, aos casos de maior grao de dificultade.	- Plan de atención á diversidade.	Departamento de Orientación.
Estudar a posibilidade de establecer itinerarios de materias para a matrícula en ESO e bacharelato.	Dedicar un mínimo de tres sesións da CCP e dous claustros monográficos.	Toda a comunidade educativa.
Fomentar a formación do profesorado e o traballo en equipo docente.	Organización de actividades formativas para realizar en equipo.	Profesorado.
Promover e impulsar a solicitude de formación para o profesorado en igualdade de oportunidades para homes e mulleres.	<ul style="list-style-type: none"> - Solicitude de proxectos e programas internos de formación. - Plan Proxecta. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunidade educativa. - Concello de As Pontes.

Horario xeral do IES

Horario lectivo:

1.º CS Laboratorio: 1.º curso do ciclo formativo de grao superior CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade (oferta bienal).

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1 08.30 09.20	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio
2 09.20 10.10	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio
10.10-10.30 Primeiro recreo					
3 10.30 11.20	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio
4 11.20 12.10	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio
12.10-12.30 Segundo recreo					
5 12.30 13.20	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio
6 13.20 14.10	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio
7 14.10 15.00		- 1.º CS Laboratorio	- 1.º CS Laboratorio	- 1.º CS Laboratorio	- 1.º CS Laboratorio
8 16.20 17.10	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio				
9 17.10 18.00	- ESO - Bacharelato - 1.º CS Laboratorio				

Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalación para o alumnado:

Fóra do horario lectivo as instalacións deportivas do centro (pavillón deportivo) son utilizadas por entidades privadas que o solicitan de acordo co protocolo existente ao efecto e que contan coa autorización do Consello Escolar.

Horas e condicións en que o centro permanecerá aberto para a comunidade escolar fóra do horario lectivo:

Previa solicitude, o Consello Escolar concede autorización para o uso das instalacións deportivas fóra de horario lectivo. Actualmente hai dúas entidades que realizan actividades:

-Club de Atletismo Olympo:

Luns: 18.15/19.30 h e 21.00/22.00 h.

Mércores: 17.30/19.00 h e 21.00/22.00 h.

Venres: 17.30/19.00 h e 21.00/22.00 h.

-Club de Baloncesto As Pontes:
Xoves: 17.00/18.30 h.
Sábado: 10.00/13.00 h e 16.00-20.00 h.
Domingo: 10.00/13.00 h e 16.00/20.00 h.

- CPR ASPANAES As Pontes:
Martes: 16.00/17.00 h.
Mércores: 16.00/17.00 h.
Xoves: 16.00/17.00 h.

Condições dos concesionarios da autorización:

- Comprometerse a facer un axeitado uso das instalacións.
- Responder dos danos causados nas instalacións imputables ao seu mal proceder.
- Garantizar que todas as persoas participantes nas actividades para as que se solicita autorización están cubertas polos correspondentes seguros, eximindo ao centro educativo de calquera responsabilidade ante lesións ou accidentes.

Horario de verán: de 09.00 a 14.00 h.

Organización dos servizos complementarios (transporte escolar)

Número de alumnado transportado	IES Moncho Valcarce: 195 IES Castro da Uz: 46 Total: 241
Número de rutas	9
Itinerarios	Achégase documento en pdf coa relación de itinerarios, paradas e alumnado transportado.

Capítulo II

Documento de organización do centro (DOC).

Archivos xerados desde a aplicación XADE: enviaranse por correo electrónico.

DOC impreso, asinado e selado: enviarase por correo postal ao Servizo Territorial de Inspección Educativa.

Capítulo III

Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

Achégase un arquivo coa relación de actividades complementarias e extraescolares propostas polos departamentos didácticos e por Vicedirección, aprobadas polo Consello Escolar na sesión do 17 de outubro de 2018.

Organización, funcionamento e horario da biblioteca 2018-2019

Equipo da biblioteca:

- Rosario Rodríguez Fernández (Lingua Castelá e Literatura): coordinadora.
- Diana Aradas Blanco (Lingua Castelá e Literatura): coordinadora Club de lectura.
- Jesús Corredoira López (Lingua Castelá e Literatura).
- Patricia Caruncho Costa (Lingua Castelá e Literatura).
- Joaquín Manuel López Campo (Relixión).

Colaboran coa biblioteca con gardas de recreo Ignacio Rego Sánchez (Xeografía e Historia) e con gardas de biblioteca e de recreo Lara Pérez Sánchez-Orozco (Música).

Horario

Hora		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1	08.30 09.20					
2	09.20 10.10		Diana Aradas Blanco (Garda biblioteca) Rosario Rodríguez Fernández (Coordinación)		Reunión Equipo Biblioteca	
1.º recreo 10.10-10.30		Patricia Caruncho Costa	Joaquín López Campo Diana Aradas Blanco (Club de lectura)	Joaquín López Campo	Joaquín López Campo Diana Aradas Blanco (Club de lectura)	Joaquín López Campo
3	10.30 11.20					Rosario Rodríguez Fernández (Coordinación)
4	11.20 12.10		Lara Pérez Sánchez- Orozco (Garda biblioteca)			Rosario Rodríguez Fernández (Coordinación)
2.º recreo 12.10-12.30		Lara Pérez Sánchez- Orozco	Patricia Caruncho Costa	Lara Pérez Sánchez- Orozco	Ignacio Rego Sánchez	Ignacio Rego Sánchez
5	12.30 13.20					
6	13.20 14.10					

Liñas prioritarias de actuación en relación coa organización e a xestión.

- Continuarase coa catalogación no MEIGA dos novos fondos e co expurgo e/ou reordenación dos fondos existentes.
- ⑩ Seguiremos a darlle visibilidade nun espazo específico as lecturas obrigatorias dos distintos departamentos, co fin de facilitarlle ao alumnado a súa localización.
- ⑩ Continuaremos coa mellora, na medida do posible, do espazo e o mobiliario da biblioteca.
- ⑩ Seguiremos a renovar e completar os fondos existentes en función das necesidades e actividades dos departamentos, as novidades e preferencias dos lectores. Evidentemente, serán relevantes todas as suxestións que os usuarios, tamén a título individual, nos fagan chegar, ben a través do enderezo electrónico (biblio.moncho.valcarce@gmail.com), da Caixa de Suxestións, ou no propio posto de atención da Biblioteca. Á hora de decidir as novas adquisicións, contarán con prioridade os títulos que os diferentes departamentos establezan como lecturas obrigatorias.
- ⑩ Solicitaremos dos departamentos as súas suxestións na catalogación do campo

“materias”, pola importancia para a consulta da OPAC e a información e a formación de usuarios.

⑩ Procuraremos a implicación dos departamentos na localización e coñecemento dos fondos para a súa incorporación ao rexistro centralizado, segundo a CDU.

⑩ Afondaremos na mellora e actualización do noso blogue (<http://bibliomoncho.blogspot.com>) e potenciaremos a visita e consulta de blogues das distintas bibliotecas escolares dos centros galegos.

⑩ Na medida da dispoñibilidade horaria do persoal, aspiramos a manter a biblioteca aberta un maior número de horas do que estivo este curso académico.

⑩ Continuará a ser función do profesor responsable da biblioteca coordinar e distribuír as diferentes tarefas nunha hora semanal de reunión do equipo.

⑩ As normas de funcionamento da biblioteca fundaméntanse no respecto básico ás persoas e ao material. Queremos que a biblioteca sexa un ámbito que promova actitudes responsables e autonomía no uso dos bens comúns que acolle a Biblioteca. As facilidades para o préstamo haberán de seguir a ser totais.

⑩ Atenderemos todas aquelas análises, iniciativas e propostas que se nos fagan chegar.

⑩ Fomentaremos a expresión e a creatividade a través das distintas actividades que se vaian desenvolvendo ao longo do curso.

⑩

Propostas de dinamización e promoción dos recursos da biblioteca.

⑩ Seguiremos a dar visibilidade tanto os recursos dispoñibles na biblioteca como os novos fondos.

⑩ Procuraremos que a participación do alumnado prosiga sendo activa nas diferentes actividades promovidas desde a Biblioteca (Club de Lectura, Mercado Solidario, concursos, exposicións, obradoiros ...).

⑩ Darémolle continuidade aos certames de creación literaria e de ilustración que veñen desenvolvéndose desde hai varios anos, para promover a lectura de textos elaborados polo propio alumnado así como a reflexión sobre o proceso da escrita.

⑩ Procuraremos encontros con autores.

⑩ Propoñeremos, e/ou proxectaremos, filmes que implementen e contrasten as lecturas dos clubs de lectura, tanto o de adultos, como os que se desenvolven entre o alumnado.

⑩ Continuaremos a dar a coñecer as normas de funcionamento da Biblioteca, subliñando a conveniencia do seu cumprimento para logramos unha mellor convivencia e eficiencia. Farase especial relevancia no uso didáctico dos ordenadores sitos na biblioteca durante os períodos de recreo do alumnado.

⑩ Continuaremos a colaborar cos distintos departamentos na adquisición de materiais e na realización das distintas actividades.

⑩ Apoiaremos e colaboraremos nos proxectos e actividades que se desenvolvan no centro.

⑩ Fomentaremos que o profesorado empregue os recursos dispoñibles na biblioteca para o desenvolvemento curricular da súa materia.

⑩ Seguiremos a contribuir á adquisición das competencias básicas do alumnado e á súa alfabetización múltiple a través das distintas actividades organizadas así como desde a materia de libre configuración *Investigación e tratamento da información* impartida en 1º e 2º de ESO.

⑩

Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

Seguiremos propoñendo aos profesores de primeiro curso da ESO que nas primeiras semanas do curso académico visiten cos seus alumnos a biblioteca para un mellor coñecemento da mesma: presentación de espazos e recursos, información sobre os horarios, o servizo de préstamo, as normas de uso e sobre os fondos (sistema de

clasificación e localización). Aproveitarase estas visitas para facer o carné de lector dos rapaces.

- ⑩ Entregaremos un plano da biblioteca e unha guía do usuario.
- ⑩ Continuaremos a ofrecer información, buscando a coordinación co EDNL, sobre concursos de creación literaria dirixidos á comunidade escolar.
- ⑩ Seguiremos a divulgar e a favorecer o acceso a publicacións electrónicas a través dos nosos blogs, renovando e ampliando os contidos de maneira regular.
- ⑩ Promoveremos actividades que fomenten o desenvolvemento das TIC (realización de traballos en distintos soportes, busca e selección de información...) e que favorezan a expresión e a comprensión escrita e audiovisual.
- ⑩ Manteremos os paneis informativos con noticias literarias, recensión de libros, novidades, efemérides e procuraremos trasladar esta información tamén aos nosos blogs.
- ⑩ Animaremos os usuarios/as para que nos trasladen as súas recomendacións e suxestións.
- ⑩ Continuaranse a traballar as competencias no uso, tratamento e produción de información a través da materia de libre configuración "*Investigación e tratamento da información*" que se oferta en 1º e 2º da ESO así como no fomento de actividades que incidan nas estratexias de investigación.

Propostas de fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro

O Proxecto Lector deberá constituír o marco en que se insiran as actividades de fomento da lectura que se densenvolvan no centro. Aspiramos a que a Biblioteca funcione realmente como centro de recursos e apoio á aprendizaxe en todas as áreas e para iso propómonos as seguintes actividades de fomento da lectura:

- ⑩ Proseguiremos cos Clubs de Lectura como estratexia que permite presentar a lectura como fonte de coñecemento e disfrute, de maneira voluntaria, ao tempo que axudan á socialización arredor da literatura.
- ⑩ Procuraremos a dinamización da lectura a través de dispositivos dixitais (a biblioteca do noso centro forma parte do proxecto piloto *Lectura dixital ELBE.2*).
- ⑩ Continuaremos coa promoción da afección á lectura na nosa comunidade educativa a través da suxestión de lecturas e a información de novidades, ben a través dos nosos blogs, ben en espazos especialmente habilitados dentro e fóra da nosa Biblioteca.
- ⑩ Contribuiremos á divulgación e promoveremos a participación, como nos anos anteriores, nas diferentes actividades relacionadas coa lectura e a creación literaria (e artística, nun sentido amplo) que se organicen nos concellos de onde procede o noso alumnado.
- ⑩ Realizaremos actividades relacionadas coa lectura e, en xeral, coa creación literaria e artística para promover o desenvolvemento das competencias clave.
- ⑩ Continuaremos a facer recomendacións de lecturas para todos os niveis, sempre tendo como referencia ás programacións didácticas e o Proxecto Lector.
- ⑩ En colaboración cos departamentos didácticos ou co equipo de dinamización lingüística, organizarmos exposicións temáticas.
- ⑩ Conmemoraremos datas e feitos relevantes relacionados de maneira xeral coa lectura.
- ⑩ Publicaremos as mellores creacións dos Certames que convoquemos no noso blogue e/ou na revista do Club de Lectura *El buk de Monchín*.
- ⑩

Propostas cara a unha biblioteca inclusiva.

- ⑩ Continuaremos a ofertar recursos variados (acceso as novas tecnoloxías, ereaders, exemplares suficientes dos libros obrigatorios...) para que a comunidade educativa poida acceder a eles independentemente das posibilidades de cada un e contribuir así a paliar as desigualdades.

- ⑩ Seguiremos a apoiar o alumnado con necesidades educativas especiais, adquirindo o material axeitado e adecuando as instalacións para que poida facer uso delas en igualdade de condicións que os seus compañeiros e compañeiras.
- ⑩ Fomentaremos o respecto á multiculturalidade.
- ⑩ Continuaremos a promover actividades que fomenten a convivencia, o respecto, a integración, o traballo en equipo, a non discriminación e a valoración da diversidade.

⑩

Outras actuacións

- ⑩ No marco das actividades organizadas polo Club de Lectura, intentaremos de novo organizar para o alumnado participante unha viaxe literaria a lugares vinculados cos textos manexados ou cos seus autores.
- ⑩ Continuaremos a convidar a todo o profesorado que o desexe a impartir docencia na Biblioteca, para un mellor aproveitamento dos fondos documentais e dos recursos tecnolóxicos con que contamos.
- ⑩ Colaboraremos con outras bibliotecas escolares, bibliotecas públicas da comarca, institucións e asociacións (ANPA) para a realización de actividades, ou para contarmos coa súa participación e/ou apoio nas organizadas desde a nosa Biblioteca.
- ⑩ Colaboraremos co Club de Lectura na elaboración da revista literaria *El buk de Monchín*.
- ⑩ Continuarase co obradoiro de creación de guións de curtametraxe.
- ⑩ Intentaremos poñer en marcha un grupo de teatro en colaboración co departamento de Lingua Castelá.

Procedementos de avaliación.

- ⑩ Atenderemos e estudaremos todas as suxestións que nos cheguen.
 - ⑩ Seguiremos a elaborar estatísticas sobre o número de lectores e préstamos, o uso dos fondos da Biblioteca, as suxestións recibidas e a valoración das propostas feitas polo equipo da Biblioteca, para contrastármolas cos de anos anteriores e así poder comprobar cal é a tendencia que seguimos durante este período.
 - ⑩ Continuaremos a valorar o uso da Biblioteca por parte do profesorado como recurso pedagóxico (inclusión no horario escolar; uso dos materiais para a práctica educativa...)
 - ⑩ Mediante unha enquisa programada para o mes de xuño coñeceremos a valoración dos usuarios da biblioteca sobre o seu funcionamento.
- Ao finalizar o curso académico, recolleremos nun informe as conclusións derivadas.

Programa de formación do profesorado no centro:

Plan Proxecta 2018-2019: solicitáronse 3.

1. Título: Protexe o teu medio

Número: 15307.

Obxectivo pedagóxico: estudo da auga de chuvia, o solo e o aire do centro a través da análise de diferentes parámetros fisicoquímicos.

Alumnado: bacharelato e ciclo formativo.

Profesorado: 2 (Física e química e Análise e química industrial).

Datas e duración: novembro de 2018 a maio de 2019.

2. Título: Clases sen fume.

Número: 15498.

Obxectivo pedagóxico: realización de actividades de prevención do tabaquismo.

Alumnado: 1.º e 2.º ESO.

Profesorado: 8 (Bioloxía e xeoloxía, Tecnoloxía, Educación física, Xeografía e historia, Pedagogía terapéutica e Música).

Datas e duración: durante todo o curso 2018-2019.

3. Título: Proxecto Terra (Patio didámico).

Número: 15499.

Obxectivo pedagóxico: promover a participación da comunidade educativa na organización do patio escolar.

Alumnado: 1.º, 2.º, 3.º e 4.º ESO.

Profesorado: 14 (Bioloxía e xeoloxía, Debuxo, Pedagogía terapéutica, Lingua castelá, Educación física, Xeografía e historia, Tecnoloxía, Música e Matemáticas).

Datas e duración: durante todo o curso 2018-2019.

Programa de formación en centros de traballo (FCT)
Relación de alumnado indicando a empresa á que van
Fases nas que se vai desenvolver a acción
Calendario

Durante o actual curso 2018-2019 só se imparte 1.º curso do ciclo formativo de grao superior CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade.

É de oferta bienal: un curso impártese 1.º; o seguinte, 2.º e así sucesivamente.

En 2018-2019 non hai alumnado para realizar o módulo de FCT.

Capítulo IV

Orzamento do centro

Achégase un arquivo en formato pdf que recolle o orzamento do centro para o exercicio económico 2018.

Anexo I e anexo II

PE/modificacións/observación de que segue vixente

Continúa vixente o Proxecto Educativo de Centro. Non foi modificado no último ano.

PC/modificacións/observacións de que segue vixente

Houbo unha modificación en maio de 2018 nas NOF (Normas de organización e funcionamento), referente á utilización do teléfono móbil polo alumnado dentro do recinto escolar:

Modificación das NOF (Normas de Organización e Funcionamento)

Acordo adoptado polo claustro de profesorado na sesión do 2 de maio de 2018

Utilización do teléfono móbil polo alumnado dentro do recinto do centro

Engádegala no último parágrafo do punto 2.3 do Capítulo VI das NOF, logo de "... extraescolares.", do seguinte texto: "En aplicación do artigo 19.4 do Decreto 8/2015, prohibese **dentro do recinto escolar** o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación **durante todo o horario lectivo (incluídos os períodos de lecer)** agás naquelas materias nas que o profesorado contemple na súa programación didáctica un uso pedagóxico de ditos medios; para a súa concreción, ao comezo da sesión, o alumnado depositará os meritados dispositivos, apagados, no lugar indicado pola persoa responsábel, onde permanecerán até o remate da mesma."

Engádegala dun novo parágrafo no punto 4.2.1 do Capítulo VI das NOF, logo de "f) Cambio de centro.", e antes do punto 4.2.2, co seguinte texto: "Aquelas condutas que se correspondan coas enumeradas nos puntos 3.1.1, 3.1.2, 3.1.4, 3.1.5, 3.1.9, e 3.1.10 terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do presente punto."

Programas ou plans anuais de lectura (anexo V)

Club de Lectura 2018-2019

CLUB DE LECTURA

ELFOS E ALIENS



Mundos de fantasía e ciencia ficción

IES Moncho Valcarce (As Pontes)

Curso 2018/2019

1.- Nome do club:

Elfos e aliens. Mundos de fantasía e ciencia ficción para unha diversión extraterrestre.

2.- Breve historia.

Desde que o noso club se puxo en funcionamento fai xa algúns cursos, estes foron algúns dos seus títulos: “A mazá de Rilke”, “A casa encantada”, “A teima do dinosauro”, “A escola da fantasía”, “Outros bocadillos para o teu recreo”, isto é, sempre o dedicamos a temáticas ben diferentes: a poesía, os contos de medo, os microrrelatos, a fantasía, os cómics, etc. Tras o bo acollemento acadado pola fantasía fai dous cursos (“A escola da fantasía”), e a petición dos alumnos e alumnas que participaron o curso pasado (principalmente o alumnado de 2º de ESO) polo mundo da ciencia ficción, nesta convocatoria queremos xuntar ambas as dúas tendencias nesta nova proposta, co obxectivo de manter as estratexias postas en marcha dende o comezo desta actividade, que sempre combinou a lectura con outras actividades como a creación literaria, a elaboración de cartelas para diferentes actividades a creación do mercadillo solidario.... É dicir, tamén neste curso, baixo a coordinación do Equipo da Biblioteca, que actuará axudando e motivando, e nesta convocatoria tamén coa colaboración do equipo de dinamización lingüística, tentaremos consolidar un grupo que se sinta identificado como tal.

3.- Finalidades. Relación co Proxecto Lector do centro e a biblioteca escolar.

a.- Finalidades:

Crear un ambiente propicio dentro da biblioteca escolar para que o alumnado implicado poida compartir gustos, inquedanzas, emocións e opinións sobre as súas lecturas, creacións dun ambiente proclive á experiencia lectora entre todos os sectores da comunidade educativa, fomentar o gusto pola lectura como fonte de entretemento, pracer e expresión de coñecemento e cultura, empregar a Web 2.0 (a través do noso blog) para reflexionar sobre as impresións que nos suxiren as lecturas e divulgar as creacións dos alumnos.

b.- Relación co proxecto lector do centro.

O club de lectura parte dos obxectivos xerais do Plan Lector do Centro e os adapta aos contidos e ás finalidades da súa actividade lectora. Algúns destes obxectivos comúns son: Facer partícipe na actividade ao conxunto da comunidade escolar do IES Moncho Valcarce de As Pontes, tentar implicar os departamentos e as familias para facer posible este propósito, inculcar o pracer lector desde criterios non impositivos, harmonizar o plan de lectura co nivel de cada curso ou grupo, crear ambientes que favorezan o desexo de ler e axuden a concibir a lectura como unha actividade pracenteira e presentar a lectura e a escritura como fontes de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal.

c.- Relación coa biblioteca escolar.

O Equipo da Dinamización da Biblioteca é o encargado de levar a cabo a realización deste proxecto nomeando como coordinador a un dos seus membros, coordinando as propostas lectoras do alumnado implicado, así como as demais actividades (concursos, certames, recitais, curtametraxes, etc.), mercando libros e demais materiais ou solicitándoos a outras bibliotecas, participando activamente no desenvolvemento do mesmo, entendendo sempre que o éxito da actividade depende da implicación da comunidade escolar, e moi concretamente, do alumnado partícipe do club.

4.- Actividades previstas. Actividades específicas de impulso á lectura en galego.

Club de Lectura de Alumn@s

- Reunións nos recreos dos martes para intercambio de libros, lecturas de relatos, visionado de curtas e reparto de tarefas relacionadas coas diferentes actividades previstas. En función da diversidade do alumnado é posible a división do club en función das idades dos seus membros.
- Celebración de recitais de relatos ou maratóns de cine de ciencia ficción.
- Organización do Mercadiño Solidario en colaboración coa ONG "Proactiva Open Arms".

Actividades específicas de impulso á lectura en galego.

- Presenza de algún autor ou autora relacionado cos escritura de libros de fantasía ou ciencia ficción, intentando incorporar ás nosas lecturas algúns títulos en galego entre os que cabe sinalar *As crónicas de Lendereina*, ou *O mundo máxico de Tolkien*.
- Celebración de certames literarios en xeral, promovendo a escrita en galego, e de xeito máis específico de contos e continuidade para o certame de ilustración que se celebrou por segunda vez o curso pasado e que segue a ser un éxito.
- Continuación da nosa revista literaria, agora en galego, *O buk de Monchín*, coa colaboración do equipo de dinamización lingüística, mantendo os seus temas básicos, orientada á ciencia ficción pero procurando contar coa participación doutros departamentos: a creación literaria, recomendacións lectoras, entrevistas, e outros intereses dos propios alumnos e alumnas.
- Participación en lingua galega en diferentes celebracións organizadas pola Biblioteca como: Febreiro, mes da poesía; Día da Muller Traballadora; Día do Libro, Día das Letras Galegas, etc.

Club de Lectura de Adultos

Por quinto ano pretendemos implicar ao persoal adulto do centro (profesores, persoal non

docente, ANPA, alumnado do Ciclo, e mesmo nalgún caso alumnos de bacharelato e moi especialmente de literatura universal) na actividade lectora. Dende a Biblioteca proporemos trimestralmente a lectura de dous libros (un en galego e outro en castelá) e faremos reunións nos segundos recreos dos xoves para intercambiar experiencias lectoras.

5.- Actividades para estimular a participación de varóns.

Unha das razóns pola que decidimos dedicar o noso club ao mundo da fantasía e da ciencia ficción, dúas temáticas ás que son receptivos os alumnos do centro é, sobre todo, porque esta última potencia de xeito significativo a participación de alumnos varóns nesta actividade ao ser un xénero moi solicitado precisamente polos rapaces. Tamén no club de adultos, intentaremos integrar as novelas de ciencia ficción e as distopías como xeito de potenciar a súa lectura tamén entre os varóns adultos.

6. Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas.

Desde a Biblioteca, e de xeito máis específico desde o club de lectura, tentaremos unha vez máis involucrar no proxecto a aqueles alumnos e alumnas que, polo seu perfil persoal ou social, se sintan desarraigados e illados dentro do centro, entendendo o Club de Lectura como un lugar de integración e apoio. Coa colaboración da PT intentaremos que estes alumnos acudan o maior número posible ás reunións do club e non só se interesen pola lectura senón que socialicen e fagan amizades novas. A consolidación da nosa revista que este curso académico cumpre xa catro anos e que nesta edición publicárase en lingua galega: "O buk de Monchín", que permite a participación de todos aqueles alumnos do centro con necesidades especiais, e fai medrar a súa autoestima ver os seus textos nesta publicación.

7.- Composición e número de participantes. Implicación doutro profesorado do centro.

Despois de informar acerca do proxecto, xa temos dez novos alumnos interesados en formar parte do club, polo que contamos con parte dos alumnos e alumnas implicados o curso pasado (e algúns mesmo do anterior) máis novos interesados no proxecto. Polo menos vinte persoas asistirán ás reunións e colaborarán nas actividades do club de lectura dos rapaces (na súa maioría de 1º e 2º de ESO, pero tamén unha media ducia de alumnos de 3ºESO).

A coordinadora do club de lectura é a profesora de lingua castelá e membro do equipo da biblioteca Diana Aradas Blanco, quen conta coa colaboración dos outros membros da biblioteca e con algúns profesores como a PT, e doutros departamentos, entre eles debuxo ou xeografía e historia).

Por outra parte, continuaremos reforzando **un Club de Lectura de Adultos, no que sigan a participar todos os membros adultos da comunidade educativa, con especial atención aos pais e nais**, e no que tamén procuraremos dar cabida tamén á temática da ciencia ficción e as distopías.

8.-Forma de organización e funcionamento.

O funcionamento do club contará como actividade fundamental as reunións dos alumnos nunha sala habilitada para tal fin e na biblioteca. Para outras actividades relacionadas co Club de Lectura que vaian xurdindo ao longo do curso (presenza de escritores, recitais poéticos, etc.) contaremos coa hora de reunión do equipo de biblioteca (xoves de 09:20 a 10:10). Pedirase permiso á dirección do centro para que os alumnos implicados no Club de Lectura poidan participar nestas actividades así como para facer unha pequena saída relacionada coa lectura á fin de curso.

9.- Horario e calendario.

As reunións celebraranse no primeiro recreo dos martes e dos xoves (de 10:10 a 10:30) para o alumnado, e o segundo recreo dos xoves (12:10-12:30) para o Club de Lectura de Adultos. Aínda que e posible que teñamos que ampliar o horario, como xa fixemos o curso pasado, fora do horario establecido para cubrir os intereses dos rapaces e rapazas que querían quedar máis a miúdo.

Para outras actividades relacionadas co Club de Lectura que vaian xurdindo ao longo do curso (presenza de escritores, recitais poéticos, etc.) contaremos coa hora de reunión do equipo de biblioteca (xoves de 09:20 a 10:10). Pedirase permiso á dirección do centro para que os alumnos implicados no Club de Lectura poidan participar nestas actividades.

10.- Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.

- Elaboración de carteis informativos no centro.
- Envío de cartas ás familias a través dos titores.
- Información da actividade aos xefes de departamento na CCP por parte do Coordinador da Biblioteca.
- Promoción da actividade dentro da vila a través da televisión e a radio local.
- Creación de entradas no blog da biblioteca:
<http://bibliomoncho.blogspot.com>: horario, grupos, lecturas, recensións das obras lidas, valoración da actividade, opinións dos lectores, etc.
- Revista: El buk de monchín, que tamén conta con un enderezo electrónico para achegar textos e demais suxestións: elbukdemonchin@gmail.com, e ao que probablemente se engadirá un blog e un twitter creado ao longo do curso polos propios alumnos e alumnas participantes.

Plan de integración das TIC (anexo VI)

Achégase o arquivo correspondente (Plan de integración das TIC).

Decreto 79/2010

Addenda do proxecto lingüístico (artigo 14.4)

Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega

Addenda do Proxecto lingüístico 2018-2019

Programación do Equipo de Dinamización da Lingua galega

Índice

1. Introducción
2. Membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega
3. Breve estudo sociolingüístico
 - 3.1. Contorno sociolingüístico do centro
 - 3.2. Situación do profesorado
 - 3.3. Situación do alumnado
 - 3.4. Situación lingüística do centro
4. Obxectivos
 - 4.1. Obxectivos xerais
 - 4.2. Obxectivos particulares
5. Actividades de dinamización lingüística

1. Introducción.

O Equipo de Dinamización da Lingua galega do IES Moncho Valcarce pretende con moita vontade fomentar o uso da lingua galega na nosa comunidade educativa. Tentaremos contribuír á difusión da cultura propia e incentivar e apoiar iniciativas a prol do emprego común e sen complexos da nosa lingua.

No presente proxecto desenvolvemos unha serie de actividades que pretendemos levar a cabo ao longo de todo o curso académico 2018-2019. Con elas tentaremos dar un pulo significativo á visibilidade do galego, un intento de adquisición de competencia lingüística no idioma e unha conformación de actitudes positivas cara á nosa lingua, nun momento tan crítico como no que nos atopamos.

2. Membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

O EDLG constituirase unha vez comezadas as clases e estará integrado polos seguintes membros:

Catro membros do persoal docente

Tres alumnos/-as

Un membro do persoal non docente.

3. Breve estudo sociolingüístico.

3.1. Contorno sociolingüístico do centro.

En liñas xerais, a lingua vehicular tanto do centro como do concello e das entidades asociativas do contorno é o galego. Agora ben, a porcentaxe de familias dos alumnos do IES Moncho Valcarce das Pontes que ten como lingua habitual o galego é semellante á que ten como lingua habitual o castelán. Non estamos, polo tanto, ante un contorno sociolingüístico galegófono. Neste sentido o EDLG ten moito por facer.

3.2. Situación do profesorado.

Polo que respecta ao profesorado, e deixando a un lado as materias que por decreto deben ser impartidas na nosa lingua, só o 40% emprega habitualmente o galego a nivel oral nas relacións cos seus compañeiros, nas reunións de departamento, nos claustros, co persoal non docente, etc. Na escrita esta porcentaxe diminúe, sendo a principal razón a falta de dominio sobre a lingua.

3.3. Situación do alumnado.

O IES Moncho Valcarce está situado na vila das Pontes de García Rodríguez, mais acolle alumnado procedente non só do núcleo urbano da vila, senón tamén das diferentes parroquias do seu termo municipal, así como do concello limítrofe das Somozas, e dalgunhas das parroquias dos municipios da Capela e Monfero (A Coruña), e Xermade (Lugo).

Do punto de vista lingüístico cómpre mencionar que hai unha fenda importante no uso do galego segundo o alumnado veña dun contorno rural ou do núcleo vilego das Pontes. Aínda así, en liñas xerais, podemos afirmar que a inmensa maioría posúe unha competencia lingüística no noso idioma aceptable, xa que unha porcentaxe importante pode entender, falar, ler e escribir en galego. Agora ben, dado que unha parte importante do noso alumnado procede do núcleo urbano da vila, as liñas de actuación do Proxecto de fomento de uso do galego deberían ir dirixidas a combater o estereotipo diglósico que identifica lingua galega e medio rural, e pola contra asociar o uso da nosa lingua coa creatividade, o lecer e as novas tecnoloxías.

3.4. Situación lingüística do centro.

No centro, a situación lingüística é bastante positiva, xa que a nosa lingua fai acto de presenza en multitude de ocasións: na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, nas comunicacións orais ou escritas co alumnado, coas familias ou con outras institucións, nas interaccións co alumnado en contextos informais, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na realización de actividades extraescolares, etc.

4. Obxectivos.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Moncho Valcarce propón un proxecto de fomento do uso da nosa lingua incluíndo unha serie de actividades para conseguir e ampliar, na medida do posible, os obxectivos que a normativa legal sinala.

As accións dinamizadoras que se levarán a cabo potenciarán as competencias activas e a implicación de toda a comunidade educativa.

4.1. Obxectivos xerais.

1. Valorar a lingua galega como propia de Galicia.
2. Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersoal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
3. Utilizar a lingua galega para a comprensión, e para a elaboración de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.

4.2. Obxectivos particulares adecuados ós distintos sectores.

1. Implicar de forma activa a todos os membros da comunidade educativa no proxecto.

2. Primar a orixinalidade para incidir nos usos reais, orais e escritos, da comunidade educativa.
3. Potenciar as competencias activas sobre as pasivas, con especial atención a aquelas que fomenten a oralidade.
4. Utilizar as novas tecnoloxías.
5. Potenciar o uso da lingua fóra do centro en colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro.
6. Colaborar con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou realización de actividades.
7. Realizar actividades plurianuais.
8. Diversificar as actividades ao longo do curso de xeito que estas resulten numerosas e coherentes cos obxectivos propostos.

5. Actividades de dinamización lingüística.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso IES ten previsto levar a cabo unha serie de actividades ao longo do ano coas que poder acadar os obxectivos particulares propostos e con estes os xerais. Algunhas destas faraaas en colaboración con outros departamentos como é o caso da revista escolar na que participaremos xunto coa biblioteca e o club de lectura.

A continuación presentamos as distintas accións dinamizadoras que contribuirán a lograr os obxectivos particulares.

Primeiro trimestre.

- Obradoiro de lecer (aínda por determinar) para aqueles membros da comunidade educativa que desexen participar. A actividade realizarase todas as semanas nalgúns dos recreos.
- Saída cultural (pendente de determinar).

Segundo trimestre.

- Concurso “Declaracións de Amor” no que poderán participar os alumnos/-as que así o desexen.
- Obradoiro de lecer (aínda por determinar) para aqueles membros da comunidade educativa que desexen participar. A actividade realizarase todas as semanas nalgúns dos recreos.
- Visionado de curtametraxes en galego.
- Visita ao centro dalgún persoeiro de interese cultural. Os destinatarios/-as da actividade concretáranse unha vez se decida a actividade cultural a realizar.

Terceiro trimestre.

- IV Concurso “Galicia en xeroglíficos” para todo o alumnado que desexe participar. A actividade realizarase todas as semanas nalgúns dos recreos.

- Celebración das Letras Galegas. Como en anos anteriores emitiremos billetes coa imaxe do persoa homenaxeada este día, para que con eles o alumnado do noso IES poida adquirir libros de lectura en galego, previamente cedidos por eles.
- Saída cultural (aínda por determinar).
- Asesoramento lingüístico a todos os membros da comunidade educativa que así o demanden.
- Difusión de Información relacionada coa nosa lingua, literatura e cultura no “Taboleiro da Lingua” , situado no vestíbulo da entrada principal.
- Colaboración cos departamentos, Vicedirección e Concello.
- Adquisición de material para garantir a presenza de materiais que permitan á comunidade educativa consolidar e ampliar os seus coñecementos sobre a nosa lingua, literatura e cultura.
- Asistencia ou participación en espectáculos e actividades organizadas por entidades alleas ao Centro.

Todas as actividades programadas quedan supeditadas á concesión das correspondentes axudas económicas publicadas pola Consellería de Educación na convocatoria anual para os proxectos do EDLG .

As Pontes, 5 de outubro de 2018.

Asdo. M.^a Antonia Ladra Basanta (Coordinadora do EDLG)

Orde do 12 de maio de 2011 (centros plurilingües / auxiliares de conversa)

Mecanismos de seguimento e avaliación do programa (só centros plurilingües)

O IES Moncho Valcarce non é centro plurilingüe.

Mecanismos de seguimento e avaliación (só centros con auxiliares de conversa)

En 2017-2018 non hai auxiliar de conversa.

Plan Proxecta

1. Título: Protexe o teu medio

Número: 15307.

Obxectivo pedagóxico: estudo da auga de chuvia, o solo e o aire do centro a través da análise de diferentes parámetros fisicoquímicos.

Alumnado: bacharelato e ciclo formativo.

Profesorado: 2 (Física e química e Análise e química industrial).

Datas e duración: novembro de 2018 a maio de 2019.

2. Título: Clases sen fume.

Número: 15498.

Obxectivo pedagóxico: realización de actividades de prevención do tabaquismo.

Alumnado: 1.º e 2.º ESO.

Profesorado: 8 (Bioloxía e xeoloxía, Tecnoloxía, Educación física, Xeografía e historia, Pedagogía terapéutica e Música).

Datas e duración: durante todo o curso 2018-2019.

3. Título: Proxecto Terra (Patio didámico).

Número: 15499.

Obxectivo pedagóxico: promover a participación da comunidade educativa na organización do patio escolar.

Alumnado: 1.º, 2.º, 3.º e 4.º ESO.

Profesorado: 14 (Bioloxía e xeoloxía, Debuxo, Pedagogía terapéutica, Lingua castelá, Educación física, Xeografía e historia, Tecnoloxía, Música e Matemáticas).

Datas e duración: durante todo o curso 2018-2019.